

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, _____, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), nomeada para dito cargo polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, e en relación co establecido no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, _____, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 30 de outubro de 2015.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade,

suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe a este Departamento e ás súas dependencias, competencias en materia de medio ambiente e residuos, entre as que se atopa o fomento de accións de minimización da produción de residuos, da súa reutilización e reciclaxe e dos programas de colaboración cos concellos e con outras organizacións para a aplicación das accións indicadas.

Segundo.- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1, letra b) dos seus Estatutos.

Terceiro.- Que as entidades locais ostentan competencias sobre xestión dos residuos domésticos nos termos previstos pola Lei 22/2011, de residuos e solos contaminados que, en particular, atribúe ás entidades locais, como servizo obrigatorio, a recollida, transporte e tratamento de ditos residuos xerados nos fogares, comercios e servizos. Na mesma liña, a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia confire aos municipios a prestación dos servizos derivados da xestión dos residuos urbanos, debendo xestionar os servizos públicos de recollida, transporte, valorización e eliminación de tales residuos de forma directa ou indirecta.

Cuarto.- Que os puntos limpos de Galicia en funcionamento operan como instalacións de recollida de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (en diante, RAEE), de

orixe doméstico, e/ou profesional, se así se establece na correspondente Ordenanza Local Reguladora do Servizo.

Que como tales instalacións, deben cumprir cos requisitos sobre condicións de recollida, almacenamento e clasificación establecidas no Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

Quinto.- Que os produtores de Aparatos Eléctricos e Electrónicos domésticos serán os responsables de financiar a recollida, o transporte e o tratamento dos RAEE domésticos depositados nas instalacións de recollida das Entidades Locais, co alcance que se establece na Sección 3ª do mesmo Real Decreto 110/2015.

Sexto.- Que a disposición transitoria segunda do citado Real Decreto 110/2015, sobre a adaptación das instalacións de recollida das Entidades locais, establece que as comunidades autónomas e as Entidades locais aplicarán plans de adaptación dos puntos limpos e das instalacións de recollida municipais ás previsións do Real Decreto, mediante calendarios graduais, cun prazo máximo de cinco anos dende a entrada en vigor do mesmo.

Sétimo.- Que o cumprimento da citada disposición transitoria segunda do Real Decreto 110/2015, esixe que sexan acometidas actuacións de adaptación naqueles puntos limpos que foron construídos ao amparo do Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro, sobre colaboración técnica e financeira da Consellería Medio Ambiente coas entidades locais en materia de xestión de residuos.

Oitavo.- Que ambas institucións consideran que a xestión de residuos constitúe un dos piares básicos do benestar e estiman que a cooperación e a colaboración entre Administracións Públicas resulta prioritaria para establecer políticas comúns, sumar esforzos e optimizar os recursos das políticas públicas en materia de xestión de residuos.

Noveno.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas e con persoas xurídicas suxeitas a Dereito Privado, ao amparo do disposto no artigo 4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e no Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Polo exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio para contribuír á adecuación dos puntos limpos aos requisitos establecidos no Real Decreto 110/2015 e que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

I. OBXECTO E ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

a) Obxecto.

Este convenio ten por obxecto dotar aos puntos limpos de titularidade municipal e supra - municipal de Galicia do equipamento para a recollida e clasificación de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (RAEE) que se indica a continuación:

- Medios para a pesada dos RAEE recollidos.
- Marquesiñas para o almacenamento dos RAEE.
- Barreiras de estanquidade e beirís perimetrais.
- Carteis distintivos correspondentes ás distintas fraccións de RAEE.

b) Orzamento estimado

O Orzamento estimado do investimento ascende á cifra de 536.979,85 €, IVE incluído.

Aos efectos orzamentarios, as anualidades do investimento previsto son:

EXERCICIO	ORZAMENTO	IVE	TOTAL	FINANCIAMENTO
2016	252.066,00 €	52.933,86 €	304.999,86 €	80% FEDER 20014-2020
2017	191.719,00 €	40.260,99 €	231.979,99 €	
TOTAL	443.785,00 €	93.194,85 €	536.979,85 €	

As anteriores previsións da programación económica poderán ser revisadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio durante o desenvolvemento da actuación, dando coñecemento dos cambios, no seu caso, á Comisión de Seguimento prevista na Cláusula VII.

Os compromisos de carácter económico determinaranse sobre a base do custo real da actuación de conformidade coa Cláusula IV deste Convenio. O importe total do investimento dependerá dos custos reais incorridos pola Consellería.

II. OBRIGAS DAS PARTES

a) Obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

1. Levar a cabo todas as actuacións precisas para a licitación, adxudicación e execución dos contratos precisos para o cumprimento do obxecto do convenio, axustándose ao Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público.
2. Comunicar á FEGAMP a adhesión de cada Entidade local que se produza.
3. Intercambiar coas Entidades locais e a FEGAMP, tanta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

b. Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias.

1. Trasladar ás Entidades locais o presente convenio e promover a súa adhesión ao mesmo.
2. Colaborar coas Entidades locais e coa comunidade autónoma, na mellora da eficacia da recollida selectiva de RAEE.
3. Intercambiar coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e coas Entidades locais canta información sexa de interese para o desenvolvemento e seguimento das actuacións previstas no presente convenio.

c. Obrigas das Entidades locais que se adhiran.

1. Permitir á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o libre acceso ás instalacións do punto limpo de que se trate e permitirlle realizar cantas actuacións sexan precisas para o cumprimento do obxecto do convenio.
2. A renuncia expresa a esixir calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das actuacións obxecto deste convenio.
3. O compromiso de asumir, unha vez rematadas as actuacións e, previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, o mantemento e conservación dos subministros.
4. Poñer en marcha, de conformidade co disposto no Real Decreto 110/2015, as medidas necesarias para lograr unha mellora continua do reciclado de RAEE e garantir a correcta integración da recollida selectiva de RAEE no ámbito da xestión dos residuos municipais.

III. FINANCIAMENTO

1. Para a execución dos compromisos asumidos pola Comunidade Autónoma de Galicia, reservárase con cargo á aplicación orzamentaria 07 03 541D 623.1 a cantidade de cincocentos trinta e seis mil novecentos setenta e nove euros, con oitenta e cinco céntimos # 536.979,85 € #, coa seguinte distribución anual:
 - Exercicio 2016: 304.999,86 €
 - Exercicio 2017: 231.979,99 €

2. Este esquema de financiamento poderá axustarse se, como consecuencia das necesidades dos municipios adheridos, o crédito inicial non resulta suficiente para dar cumprimento ao obxecto do convenio en cuxo caso, se deberá formalizar a correspondente Addenda ao presente Convenio onde se modificará o importe inicialmente establecido.

IV. COFINANCIACIÓN CON FONDOS EUROPEOS

O obxecto deste convenio cofinanciárase pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80% no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no eixe prioritario 6 “conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos”, prioridade de investimento 6.1. “O investimento no sector dos residuos para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dunha inversión que vaia máis alá de ditos requisitos”, obxectivo específico 6.1.1. “Desenvolver a separación, recollida selectiva e tratamento de residuos, incluíndo as accións de peche de ciclo; contemplando tanto os plans de xestión como os investimentos en infraestruturas”.

V. CUSTO DO INVESTIMENTO

- a. Entenderase por custo do investimento o importe que representa o custo total das subministracións, unha vez determinadas as necesidades reais de equipamento dos puntos limpos das entidades locais adheridas.
- b. Para a determinación das necesidades reais de equipamento seguirase o seguinte procedemento:

1. Adherida a entidade local, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través dos técnicos que se destinen ao efecto, emitirá informe no que se especificará, á vista das características do punto limpo de que se trate, o equipamento que, estando comprendido no obxecto deste convenio, sexa necesario subministrar no punto limpo. No informe especificarase o custe estimado que derive do subministro do citado equipamento.
2. O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, atendendo ao informe citado no parágrafo anterior, ditará resolución na que se determinará o equipamento a subministrar e o custe estimado da súa subministración.

Contra a resolución anterior, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co establecido nos artigos 107.1, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- c. As actuacións precisas para a dotación dos puntos limpos serán executadas directamente pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

VI. PROCEDEMENTO DE ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS

1. Poderán solicitar a adhesión ao presente convenio as entidades locais que dispoñan dun punto limpo de titularidade municipal ou supra – municipal construído amparo do Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro, sempre que, antes do 31 de decembro de 2016, estean en disposición de reunir as seguintes características:

- a. Estean autorizadas para a xestión do punto limpo, ou en trámite de obter a pertinente autorización. No caso de que a entidade local optara por externalizar a xestión do punto limpo, a adxudicataria do servizo deberá contar coa pertinente autorización de xestión.
 - b. Estean adheridas ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos, vixente.
 - c. Non ter sido obxecto de sanción firme en vía administrativa por deficiencias na xestión do punto limpo no último ano, e en caso de selo, ter subsanado as deficiencias a consecuencia das cales se lle impuxo a sanción.
2. As entidades locais que voluntariamente decidan adherirse ao presente convenio, deberán comunicar, no prazo dun mes dende a sinatura do presente Convenio, a decisión á Comunidade Autónoma de Galicia de xeito fidedigno e asinar un Acordo de adhesión **-segundo o modelo que se achega como Anexo I-** no que expresamente se acepten todas as condicións do presente convenio. O presente convenio entrará en vigor para as Entidades Locais que voluntariamente se adhiran o mesmo día da sinatura por estas do Acordo de adhesión.
 3. A comunidade autónoma informará á FEGAMP das adhesións que se produzan, no prazo máximo de 15 días hábiles dende a formalización as mesmas.

VII. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e dous representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias, que actuará como órgano de vixilancia,

seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

A composición da comisión será a seguinte:

- Pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a persoa titular da Secretaría Xeral de Calidade Ambiental ou persoa en quen delegue, e a persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental, ou persoa en quen delegue.
- Dous representantes da FEGAMP.

VIII. MODIFICACIÓN, VIXENCIA E DURACIÓN

O convenio poderá modificarse, mediante a subscripción dunha Addenda ao mesmo, polas seguintes causa previstas:

- Pola necesidade de aumentar a dotación orzamentaria prevista na Cláusula I, tras determinar as necesidades reais de equipamento das entidades locais adheridas conforme a Cláusula V.
- Pola necesidade de ampliar o prazo de execución do mesmo, para a correcta realización da totalidade do seu obxecto.
- Para dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria, reducindo o volume das obrigas asumidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ou ampliando os prazos de execución previstos neste convenio.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do Convenio.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións a contratar como consecuencia deste Convenio, para atender os servizos públicos esenciais, entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

Estas modificacións deberán formalizarse mediante a subscripción dunha Addenda ao Convenio.

O presente convenio marco entrará en vigor o día da súa sinatura e a súa duración será ata o 31 de decembro de 2017.

IX. RESOLUCIÓN ANTICIPADA DO CONVENIO

Son causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a) Por incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo da elixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante.
- b) Por mutuo acordo.

X. RÉXIMEN XURÍDICO

Conforme ao establecido no artigo 4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do Sector Público, este convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, sendo de aplicación os seus principios para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Este Convenio ten natureza administrativa. Sen prexuízo das funcións

da comisión de seguimento, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir en tomo á súa interpretación, aplicación, modificación, resolución e efectos corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa. Calquera variación das cláusulas establecidas no presente convenio terase que consignar necesariamente por escrito, carecendo de toda eficacia ou validez ata o cumprimento deste requisito.

XI. PUBLICIDADE

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na *Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega*, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente Convenio a publicidade esixida.

Así mesmo, na licitación e execución dos contratos precisos para o cumprimento do obxecto deste Convenio, deberán cumprirse, as obrigas esixidas pola normativa comunitaria nas distintas actividades de información, publicidade e comunicación, nos termos previstos no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo

Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, e especialmente o adxudicatario dos contratos terán en conta do seu anexo XII as responsabilidades determinadas respecto da información e comunicación sobre o apoio procedente dos fondos europeos dispostas no apartado 2.2 relativo ás medidas de información e comunicación dirixidas ao público; e no Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006; así como no que se dispoña na normativa de desenvolvemento e execución destes regulamentos como o previsto no Regulamento de execución (UE) nº 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos.

En proba de conformidade, as partes asinan este Convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento, quedando un exemplar en poder de cada unha das partes.

Este documento foi efectivamente asinado polas partes con responsabilidade para elo.